

MULLERES MEDRANDO COMO ARBORES 2019

No 2018, o Concello conmemorou o día 8 de marzo, día internacional da muller, cun acto que quixo simbolizar a necesidade de que na sociedade actual, enraizase definitivamente a evidencia da igualdade entre xéneros.

Plantouse unha pequena figueira, elixida pola capacidade de acoller, alimentar e coidar, pero que simboliza tamén a vida que medra forte e que sae adiante ante cales queira dificultades, pois esa é o noso desexo para todas as mulleres do mundo.

Durante unha semana a figueira permaneceu no interior do Centro Social Polivalente, recibindo o agarimo da veciñanza en forma de mensaxes de apoio ás mulleres, para as que se reivindicou o dereito a medrar fortes, autónomas, libres e sen medo. Estas mensaxes foron despois soterradas coas súas raíces, no parque exterior do Centro Social, e deberon de calar fondo no ánimo da nosa figueiriña, porque non só predeu deseguida, senón que xa agromou, e continúa medrando con brío.

O Concello de Brión convoca aos veciños e veciñas para que se manteña este soporte que tantas mulleres necesitan, o apoio incondicional a aquelas que sofren os impedimentos para medrar fortes como árbores.

**CONCENTRACIÓN, O VENRES 8 DE MARZO, ÁS 12 DO MEDIODÍA,
NO EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL**